

**PEREIRA, LUÍS XOSÉ**

(Lugo, 1965). Profesor de lingua e literatura galega, como escritor foi toda unha revelación ó gañar o Premio Xerais en 1985 coa súa novela *As horas de cartón*, que recibiría tamén o Premio da Crítica Española ó ano seguinte. Trátase da historia de Clara, unha muller madura que repasa a súa vida nos días da morte de Franco e en plena crise desencadeada polo sorpresivo retorno a Lugo do que fora seu marido. O autor consegue crear unha sólida personaxe de muller pero tamén transmitírnos o peculiar ambiente daqueles días, cando se pechaba un ciclo e aínda non estaba claro como ía ser o futuro. Dende o punto de vista da estrutura narrativa, *As horas de cartón* alterna diversas técnicas: psiconarración, estilo indirecto libre, diálogo, narración omnisciente clásica, e mesmo chega a ofrecer dúas solucións paralelas entre as que o lector pode escoller. Isto dálle á novela unha fasquía experimental que constitúe un dos seus principais atractivos pero tamén o motivo fundamental das discrepancias suscitadas entre as opinións da crítica. En 1992 publicou *A vida vexetal*, unha desacougante e cativadora novela de ton marcadamente lírico, que xira arredor dunha máxica historia de amor que se desenvolve nun espazo imaxinario e simbólico, ciclicamente invadido por dinosauros que se converten na prolongación do protagonista, un ser acosado, débil, que habita entre as extremas da loucura e unha particular lucidez.

**PEREIRA DE LA RIVA, AURELIANO JOSÉ**

(Lugo, 1855; Madrid, 1906). Periodista, poeta, escritor teatral, crítico, ensaísta e orador, coetáneo de Curros\* e Lamas\*. Foi eminente político federal-rexionalista durante os anos 1886 a 1891. De familia humilde, non puido realizar estudos oficiais e, por iso, a súa formación é autodi-

dicta. Nunha primeira época subsistiu gracias a un modesto emprego público que lle permitiu exercer o periodismo, escribindo dende os vinte anos. Iniciouse no *Diario de Lugo*, publicación de signo democrático que dirixiu dende 1879 e da que foi case o único redactor, ata que se viu obrigado a pechalo en 1884. Ese mesmo ano fundou *El Regional* e renunciou ó seu emprego, dedicándose exclusivamente á redacción e dirección do devandito xornal lucense. En 1886 afiliouse ó partido federal no que chegou a ser un dos persoeiros máis destacados, introducindo nel os presupostos rexionalistas ó propugnar a creación dun Consello Executivo da Rexión Galega que montase o proxecto de Constitución do Futuro Estado Galego. O seu rexionalismo buscaba como bases caracterizadoras a historia, o territorio, a tradición e a lingua, prescindindo, sen embargo, da raza e do celtismo, que eran as principais marcas para os rexionalistas liberais e para os tradicionalistas. Ademais o federalismo rexionalista de Aureliano Pereira era populista, pois defendía que só asentándose en bases amplas de tipo campesino tería porvir a ideoloxía. Cara a 1891 Pereira deixa o partido federalista para integrarse no liberal fusionista e marcha a Madrid, abandonando o protagonismo político e substituíndoo por unha militancia rexionalista de tipo cultural. Nestes anos colabora en distintos periódicos e revistas españois como son *La Época*, *El Popular*, *El Mundo Político*, *Revista Europea*, *Revista de España*, *La Ilustración Española y Americana*, etc. En Madrid dirixiu o semanario *Nuevo Mundo*. É un versificador fluído que usa unha lingua enxebre e de bon gosto. En galego ten varias obras poéticas (algúns dos seus poemas quedaron ciscados en periódicos e revistas da época), nas que se pode ver a pegada de distintos autores románticos e posrománticos como son Zorrilla, Campoamor ou Bécquer. A primeira

destas obras é a titulada *Cousas da aldea* (1891), na que abundan os cadros de costumes do mundo rural, do estilo dos de Lamas Carvajal. Aureliano Pereira é demasiado popularizante, identificando moitas veces mundo galego co picaresco e erótico e, segundo CC, tendendo a enfocalo non como actor senón como mero espectador. “¡Terra a miña!” é un poema premiado nun concurso no que o autor enguedella distintos tópicos do mundo galego. Aparece recollido no folleto *Poesías originales de D. A. Pereira y D. L. González López, que han alcanzado, respectivamente, el premio y accesit de honor en el certamen celebrado en Lugo el 6 de octubre de 1891* (1891). Por último é autor da lenda romántica ó estilo zorriillesco *A cova da serpe* (1892). O poema máis coñecido de Aureliano Pereira é o titulado “Lonxe da Terriña” que foi musicado por Juan Montes (así como os titulados “Antroidada” e “A sega”). En castelán é tamén autor de libros de poemas (*Impresiones y recuerdos*, 1877; *Otoñales*, 1889 e *Romancero de la ciudad de Lugo*, 1892), de numerosas pezas dramáticas, de varios ensaios e conferencias, interesando especialmente ós estudos do mundo literario a titulada *El regionalismo y la poesía gallega* (1895) e o traballo “Algo acerca del movimiento literario de Galicia” (1892).

## BIBLIOGRAFÍA

Vid. CC, CF, CR, GEG

Máiz, R., *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Ed. do Castro, 1984.

## PEREIRA MOÍÑO, MANUEL

Case ignoto epígono do Rexurdimento, só figura como integrante da “Antoloxía” de CR cunha composición poética brevísima e carente de valor titulada “Chora!” Está asinada, sen data, en Madrid e trata nos

seus oito versos o tópico tema romántico da dor de amores que curan as bágoas.

## BIBLIOGRAFÍA

Vid. CC, CR

## PEREIRA ROSALES, ANA

(Pontevedra, 1958). Poeta que se deu a coñecer nos anos oitenta cun libro, *Fonda razón do silencio* (1985), de clara vontade testemuñal, e, xa que logo, ben lonxe da tendencia ó estrafiamento entre autor e voz poética que triunfaba eses anos. Trátase dunha poesía de corte existencialista e neorromántico concibida como vehículo de coñecemento e reflexión íntima.

## PEREIRA VALCÁRCEL, MANUEL R.

(Ouzande-A Estrada, 1955). Poeta dos anos noventa que entende a poesía como un acto testemuñal das vivencias propias. Reside en Madrid, onde exerce a docencia. O seu único libro publicado é *Poemas da cinza* (1990). Nel podemos ver como segue unha liña persoal conformada a partir da mestura dalgunhas das modas poéticas que triunfaron a finais dos oitenta e principios dos noventa, pois, se por unha banda hai unha grande abundancia de citas encabezando a páxina e unha constante referencia á memoria, por outra aposta pola linguaxe sinxela e as referencias ó mundo cotiá. Sen embargo, por riba de todo, cómpre subliñar o carácter testemuñal da voz poética empregada, a primeira persoa, que nos fai sentir os poemas como un acto de sinceridade dun individuo a través da escrita.

## PEREIRO, LOIS

(Monforte de Lemos, 1958). Dentro do grupo de poetas dos anos oitenta radicados na Coruña e participes na publicación colectiva *De amor e desamor*, revélase como un dos autores de maior orixinalidade e de resonancias máis intensas, malia a súa re-